



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE BANDE PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS DE MELLORA NA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE BANDE

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Bande o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Bande para contribuír ao financiamento das obras de mellora da Escola Infantil do Concello de Bande.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Bande, adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 26.2.2007 e cedeu ao Consorcio o uso do inmovible dedicado a Escola infantil situado na rúa Xaquín Lorenzo s/n, no termo municipal de Bande, que se formalizou coa subscripción do convenio asinado para tal fin, asumindo o Consorcio a xestión deste equipamento no exercicio das competencias previstas estatutariamente.

Co fin de mellorar a accesibilidade ás instalacións da Escola Infantil, así como a





mobilidade e seguridade das persoas usuarias desta, resulta necesario levar a cabo a diversas melloras na Escola Infantil, consistentes na execución dunha beirarrúa de acceso á escola e na regularización do espazo cuberto de acceso, incorporando unha zona de xogo infantil con acabado de caucho. Todo isto, co fin posibilitar unha maior seguridade e funcionalidade dos espazos exteriores da escola infantil, mellorando así a accesibilidade, mobilidade e seguridade das persoas usuarias desta.

Tendo en conta que o concello non dispón de recursos propios suficientes para a realización das devanditas obras de mellora no inmovible destinado a Escola Infantil, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento destas actuacións, posibilitando unha mellor atención ás necesidades das familias deste concello usuarias da escola infantil.

Considerando, pois, que o concello non dispón de recursos propios suficientes para a realización das obras de mellora que se precisan no inmovible destinado a Escola Infantil, necesarias para a mellora da accesibilidade, mobilidade e seguridade das persoas usuarias desta escola infantil, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento das referidas actuacións, posibilitando así unha mellor atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos deste concello e ás súas familias.

Enténdese polo tanto idóneo o financiamento destas actuacións, necesaria para a mellora do centro municipal nos termos expostos, co fin de posibilitar unha mellor atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos e ás familias do Concello de Bande, prestando un servizo público de calidade a través da Escola Infantil de titularidade municipal, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das actuacións descritas, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade destas actuacións e o interese





común de posibilitar unha mellor atención ás persoas usuarias da Escola Infantil do Concello de Bande, mellorando a súa accesibilidade, mobilidade e seguridade, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se ditén en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Bande para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 10.099,46 euros, con cargo á partida 11.90.311A.760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2.





da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

